b e g	Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.	B1.4	MTB1.4.1	Amosa interese pola resolución de actividades, retos e problemas, aínda que teña dificultades para resolvelos.	CMCT CAA CSIEE	
	MTB1.4.2		Aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios).	CMCT CCL CAA		
b g i	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.	B1.5	MTB1.5.2	Desenvólvese con facilidade co ordenador e as actividades interactivas e utilízalas para repasar	CMCT CD CAA CSIEE	TIC
b e g i	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.6	MTB1.6.1	Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada	CMCT CD CAA CCL CSIEE	TIC EOE
	Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.					
	Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.					

1ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios Avaluación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución estandar	Competenc. Clave	Elementos transv.
b e g	Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.	B2.1	MTB2.1.2	Manéxase cos números naturais de máis de seis cifras e é capaz de interpretalos a partir dun texto numérico ou cotián, aínda que comete algún erro na resolución da actividade.	CMCT CCEC.	
b g	Operacións de números naturais	B2.8	MTB2.8.1	Resolve as operacións, pero comete erros de cálculo.	CMCT CAA	
b e g	Resolución de problemas con números naturais	B2.9	MTB2.9.1	Resolve problemas cotiáns axudándose con debuxos, táboas ou diagramas, aínda que comete algún erro.	CMCT CAA CCL CSIEE	CL
b g	Operacións combinadas con números naturais	B2.6	MTB2.6.4	Calcula operacións combinadas con parénteses aplicando a xerarquía das operacións, aínda que comete algún erro.	CMCT CAA	
b g	Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón	B2.8	MTB2.8.2	Descompón de forma aditiva números menores que un millón, aínda que comete algún erro.	CMCT	
b g	Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100.	B2.8	MTB2.8.8	Calcula os primeiros divisores de números menores que 100, aínda que comete algún erro.	CMCT	
g	Divisibilidade: números primos e compostos. Criterios de divisibilidade	B2.4	MTB2.4.1	Coñece os criterios de divisibilidade e úsaos na resolución de actividades, aínda que cometendo erros.	CMCT	
	Divisibilidade: números primos e compostos. Criterios de divisibilidade	B2.5	MTB2.5.3	Descompón números en factores primos dividíndoos sucesivamente polos seus divisores primos até encontrar cociente 1, aínda que comete algún erro.		
		B2.8	MTB2.8.9	Calcula o mínimo común múltiplo de dous números, pero comete erros.		
b g	Potencias como produto de factores iguais. Cadrados e cubos.	B2.6	MTB2.6.1	Entende como funcionan o cadrado e o cubo, aínda que se equivoca ao realizar o cálculo.	CMCT CAA	

1ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios Avaluación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución estandar	Competenc. Clave	Elementos transv.
	Potencias de base 10			Entende como funcionan as potencias de base 10, aínda que se equivoca ao expresar números grandes en forma de potencias de 10 e/ou viceversa.		
		B2.8	MTB2.8.2	Descompón polinomicamente números menores que un millón, aínda que comete algún erro.	CMCT CAA.	
b e g	Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias del trabajo científico.	B1.4	MTB1.4.2	Elix argumentos válidos como apoio ás súas respostas pero equivócase ao facer os cálculos.	CSC CMCT CCL CAA	EOE
b e g	Resolución de problemas da vida cotiá	B2.9	MTB2.9.2	Analiza as operacións e os resultados de problemas cotiáns, pero non interpreta a súa solución.	CMCT CAA CCL CSIEE	
b g	Números enteiros	B2.1	MTB2.1.2	Manéxase cos números enteiros e é capaz de interpretalos a partir dun texto numérico ou cotián, aínda que comete algún erro na resolución da actividade.	CMCT	
	Números positivos e negativos.	B2.2	MTB2.2.1	Manéxase cos números enteiros e é capaz de interpretalos a partir dun texto numérico ou cotián, aínda que comete algún erro na resolución da actividade.	CMCT	
	Eixe cartesiano	B4.1	MTB4.1.3	Entende e utiliza coordenadas cartesianas para describir posicións, aínda que comete algún erro.	CMCT	
	Operacións con números enteiros	B2.2	MTB2.2.2	Realiza as operacións, aínda que comete erros.	CMCT	

2ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios Avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución estandar	Competenc. Clave	Elementos transv.
b g	O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras O número decimal: décimas, centésimas e milésimas. Os números decimais: valor de posición. Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. Operacións con números decimais. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.	B2.3	MTB2.3.2	Redondea decimais e aplica a resolución de actividades.	CMCT CAA	
		B2.8	MTB2.8.10	Interpreta o valor posicional das cifras de números naturais, e escríbeos correctamente con letras ou cifras.	CMCT	
		B2.1	MTB2.1.2.	Resolve actividades nas que le, escribe e/ou ordena decimais até as centésimas que interpreta de textos numéricos ou da vida cotiá.		
		B2.2	MTB2.2.1	Resolve actividades nas que le, escribe e/ou ordena decimais até as centésimas que interpreta de textos numéricos ou da vida cotiá.		
		B2.9	MTB2.9.2	Resolve problemas cotiáns revisándoos e interpretando a súa solución.		
		B2.8	MTB2.8.12	Idea estratexias para resolver actividades utilizando o cálculo mental.		
		B2.8	MTB2.8.1	Resolve sumas e as comproba correctamente coas súas dúas restas asociadas.		
		B2.8	MTB2.8.1	Resolve multiplicacións e as comproba correctamente coas súas dúas divisións asociadas.		
		B2.6	MTB2.6.3	Realiza correctamente operacións mixtas con números decimais.		
B2.5	MTB2.5.1	Opera con números coñecendo a xerarquía das operacións.				
b g	O número decimal	B2.9	MTB2.9.2	Realiza a actividade e corrobora a solución encontrada utilizando correctamente un método de comprobación.	CMCT	

2ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios Avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución estandar	Competenc. Clave	Elementos transv.
b g	<p>Fraccións.</p> <p>Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.</p> <p>Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</p> <p>Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <p>Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.</p> <p>Operacións con fraccións.</p>	B2.3	MTB2.3.3	Ordena fraccións correctamente fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal en situacións de resolución de actividades.	CMCT	
		B2.1	MTB2.1.2	Resolve actividades nas que le, escribe e/ou ordena fraccións que interpreta de textos numéricos ou da vida cotiá.		
		B2.3	MTB2.3.1	Calcula correctamente fraccións equivalentes en situacións de resolución de actividades.		
		B2.3	MTB2.3.1	Reduce correctamente dous ou máis fraccións a común denominador en situacións de resolución de actividades.		
		B2.9	MTB2.9.1	Resolve problemas cotiáns con operacións combinadas correctamente, axudándose con debuxos, táboas ou diagramas.		
		B2.2	MTB2.2.1	Resolve actividades nas que le, escribe e/ou ordena fraccións que interpreta de textos numéricos ou da vida cotiá.		
		B1.1	MTB1.1.1	Entende a relación que seguen os números da serie e predí correctamente os seguintes.		
		B2.8	MTB2.8.1	Resolve sumas e as comproba correctamente coas súas dúas restas asociadas.		

2ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios Avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución estandar	Competenc. Clave	Elementos transv.
b g	Fraccións. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións. Operacións con fraccións.	B2.6	MTB2.6.2	Entende e calcula correctamente o produto dunha fracción por un número.	CMCT	
		B2.8	MTB2.8.1	Resolve multiplicacións e as comproba correctamente coas súas dúas divisións asociadas.		
		B5.2	MTB5.2.3	Interpreta datos en gráficos de sectores de problemas cotiáns, e resólveos correctamente.		
		B2.6	MTB2.6.4	Calcula correctamente operacións combinadas con parénteses aplicando a xerarquía das operacións.		
		B2.5	MTB2.5.1	Opera con números coñecendo a xerarquía das operacións.		
		B2.6	MTB2.6.2	Realiza correctamente sumas e restas de fraccións co mesmo denominador		
		B2.5	MTB2.5.2	Distingue entre diferentes tipos de números e establece equivalencias entre eles, e utilízalos para resolver correctamente actividades con contextos cotiáns.		
		B2.9	MTB2.9.2	Realiza a actividade e corrobora a solución encontrada utilizando correctamente un método de comprobación.		
		B2.1	MTB2.1.2	Resolve actividades nas que le, escribe e/ou ordena decimais até as centésimas que interpreta de textos numéricos ou da vida cotiá.		
B2.2	MTB2.2.1	Resolve actividades nas que le, escribe e/ou ordena decimais até as centésimas que interpreta de textos numéricos ou da vida cotiá.				

2ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios Avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución estandar	Competenc. Clave	Elementos transv.
b g	Fraccións.	B1.5	MTB1.5.2	Desenvólvese con facilidade co ordenador e as actividades interactivas e utilízalas para repasar	CMCT CSIEE CAA	
		B1.5	MTB1.5.1	Entende a metodoloxía descrita na actividade e resolve actividades semellantes aplicando o mesmo procedemento.		
b g	<p>Porcentaxes e proporcionalidade. Expresión das partes utilizando porcentaxes. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. Aumentos e diminucións porcentuais. Proporcionalidade directa. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade Resolución de problemas da vida cotiá.</p>	B2.8	MTB2.8.11	Calcula o valor de porcentaxes de cantidades en contextos cotiáns.	CMCT CSIEE CAA	
		B2.7	MTB2.7.5	Resolve correctamente problemas cotiáns que requiren o uso de porcentaxes ou regras de tres, e explica a súa resolución.		
		B2.7	MTB2.7.1	Resolve problemas cotiáns de expresión de partes utilizando porcentaxes.		
		B2.5	MTB2.5.3	Calcula porcentaxes de números aplicando os seus operadores decimal ou fraccionario indistintamente.		
		B2.7	MTB2.7.1	Resolve problemas cotiáns de cálculos de porcentaxe dunha cantidade aplicando o operador decimal.		
		B5.2	MTB5.2.3	Interpreta datos en gráficos de barras de problemas cotiáns, e resólveos correctamente.		
		B2.5	MTB2.5.2	Distingue entre diferentes tipos de números e establece equivalencias entre eles, e utilízalos para resolver correctamente actividades con contextos cotiáns.		
		B2.7	MTB2.7.3	Calcula correctamente aumentos e diminucións porcentuais en problemas cotiáns.		

2ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios Avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución estandar	Competenc. Clave	Elementos transv.
b g	Porcentaxes e proporcionalidade. Expresión das partes utilizando porcentaxes. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. Aumentos e diminucións porcentuais. Proporcionalidade directa. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.7	MTB2.7.2	Resolve problemas cotiáns que requiren transformar fraccións, decimais e porcentaxes.	CMCT CSIEE CAA	
		B4.5	MTB4.5.1	Interpreta correctamente planos ou maquetas de obxectos próximos.		
		B2.3	MTB2.3.2	Redondea decimais e aplica a resolución de actividades.		
		B2.7	MTB2.7.4	Resolve problemas cotiáns aplicando a regra de tres para dobrar, triplicar ou dividir entre dous unha cantidade.		
		B4.5	MTB4.5.	Interpreta correctamente o esbozo dun itinerario dun sistema de referencia, obxecto ou situación próximos.		
		B1.6	MTB1.6.1	Desenvólvese con facilidade co ordenador e úsao para ampliar a información do libro de texto.		
		B1.1	MTB1.1.1	Utiliza correctamente a escala para encontrar medidas en figuras semellantes, maquetas, planos e mapas.		
		B3.2	MTB3.2.3	Compara superficies establecendo a relación correcta entre as diferentes unidades empregadas.		
		B3.1	MTB3.1.2	Utiliza os instrumentos adecuados de medida e expresa os resultados das medicións coas unidades máis adecuadas.		
		B3.2	MTB3.2.3	Compara masas establecendo a relación correcta entre as diferentes unidades empregadas.		

		B1.3	MTB1.3.1	Interpreta resolucións de actividades sen preguntas nin respostas, e é capaz de encontrar estas.		
		B1.5	MTB1.5.2	Desenvólvese con facilidade co ordenador e as actividades interactivas e utilízalas para repasar		
		B3.6	MTB3.6.1	Resolve actividades de medida de volumes, revisando a veracidade das operacións utilizadas.		
		B2.9	MTB2.9.2	Resolve problemas cotiáns expresando a solución coas unidades correspondentes.		
		B3.1	MTB3.1.1	Estima volumes de obxectos coñecidos e elixe as unidades adecuadas, e explica verbalmente a súa proceso de resolución.		
b e g	<p>Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. Realización de medicións. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume. Equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</p>	B3.4	MTB3.4.3	Resolve actividades de medida de volumes correctamente seguindo razoamentos lóxicos.	CMCT CAA	
		B3.2	MTB3.2.2	Transforma medidas de volume e exprésalas en forma complexa e incomplexa.		
		B2.9	MTB2.9.2	Resolve problemas cotiáns, revisando o proceso seguido e buscando outras formas válidas de resolvelos.		
		B3.4	MTB3.4.1	Establece equivalencias entre medidas de capacidade e volume.		
		B3.4	MTB3.4.3	Resolve actividades de medida de volumes correctamente, axudándose con debuxos, táboas ou diagramas.		
		B3.6	MTB3.6.1	Resolve actividades de volume podendo chegar ao resultado de varias formas distintas.		
		B3.6	MTB3.6.1	Resolve actividades de medida de volume e interpreta as solucións encontradas.		

		B2.5	MTB2.5.3	Transforma correctamente entre medidas complexas e incomplexas e traballa indistintamente con elas.		
		B3.2	MTB3.2.3	Compara capacidades de recipientes establecendo a relación correcta entre as diferentes unidades empregadas.		
		B3.4	MTB3.4.2	Resolve actividades relacionadas coas unidades de medidas, e explicar os procesos e estratexias seguidos.		
		B3.2	MTB3.2.1	Resolve correctamente a actividade e expresa o resultado nas unidades requeridas.		
b e g	O sistema sesaxesimal. O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...	B2.5	MTB2.5.3	Transforma correctamente entre medidas complexas e incomplexas e traballa indistintamente con elas.	CMCT CAA	
		B1.4	MTB1.4.2	Elixe argumentos lóxicos que lle dan solidez ás súas respostas e ademais resolve correctamente a actividade.		
		B3.5	MTB3.5.1	Resolve correctamente problemas realizando cálculos con medidas angulares.		
		B4.1	MTB4.1.2	Coñece e diferencia correctamente os ángulos complementarios e suplementarios.		
b g	Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda,	B4.4	MTB4.4.1	Identifica correctamente os elementos básicos dunha circunferencia e debuxa con facilidade un radio e unha recta tanxente a ela.	CMCT CAA	
		B1.1	MTB1.1.1	Calcula áreas e volumes de figuras compostas correctamente.		
		B4.3	MTB4.3.2	Calcula correctamente a área dunha habitación a partir dun plano.		

	arco, tanxente e sector circular. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.5	MTB4.5.1	Interpreta correctamente planos ou maquetas de obxectos próximos.	CMCT CAA	
		B4.4	MTB4.4.1	Identifica correctamente os puntos en común e os centros das diferentes posicións das circunferencias.		
		B4.3	MTB4.3.1	Calcula correctamente a área e o perímetro do rectángulo, cadrado e o triángulo		
		B4.4	MTB4.4.2	Coñece e aplica correctamente as expresións que permiten calcular o perímetro da circunferencia e a área do círculo.		
		B4.2	MTB4.2.1	Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos		
		B4.6	MTB4.6.2	Resolve actividades de corpos xeométricos, revisando a veracidade das operacións utilizadas.		
b g	Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.6	MTB4.6.1	Recoñece diferentes corpos xeométricos polo seu desenvolvemento plano, e resolve actividades relacionadas con eles.		
		B4.6	MTB4.6.1	Resolve correctamente actividades de corpos xeométricos seguindo razoamentos lóxicos.		
		B4.6	MTB4.6.1	Resolve actividades de corpos xeométricos, empezando polo final.		
		B1.1	MTB1.1.1	Calcula áreas e volumes de figuras compostas correctamente.		
		B4.6	MTB4.6.2	Resolve actividades de corpos xeométricos, podendo chegar ao resultado de varias formas distintas.		
		B4.2	MTB4.2.2	Reproduce correctamente formas xeométricas con instrumentos de debuxo.		

		B4.6	MTB4.6.2	Resolve actividades de corpos xeométricos e interpreta as solucións encontradas.		
		B4.6	MTB4.6.1	Recoñece diferentes corpos xeométricos polas figuras planas que os desenvolven ao xirar, e resolve actividades relacionadas con eles.		
		B4.6	MTB4.6.2	Resolve actividades de medida de volumes, expresando os resultados na unidade adecuada.		
		B4.2	MTB4.2.2	Reproduce correctamente formas xeométricas con instrumentos de medios tecnolóxicos.		
g	Posicións relativas de rectas e circunferencias.	B4.1	MTB4.1.1	Identifica e representa correctamente as diferentes posicións relativas de rectas e circunferencias (exteriores, secantes e tanxentes).	CMCT CAA	
b e g	Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.	B5.2	MTB5.2.3	Realiza gráficos de barras con datos obtidos da súa redonda próxima.	CMCT CAA CCL CSIEE	
		B5.2	MTB5.2.3	Interpreta datos en gráficos de barras de problemas cotiáns, e resólveos correctamente.		
		B1.4	MTB1.4.1	Amosa interese e dedicación na formulación da actividade e resólvea correctamente.		
		B5.5	MTB5.5.2	Resolve actividades de estatística e probabilidade, revisando a veracidade das operacións utilizadas.		
		B5.5	MTB5.5.2	Resolve actividades de estatística e probabilidade, podendo chegar ao resultado de varias formas distintas.		
		B5.2	MTB5.2.3	Interpreta datos en gráficos de liñas de problemas cotiáns, e resólveos correctamente.		

		B5.5	MTB5.5.2	Resolve actividades de estadística e probabilidade, e interpreta as solucións encontradas.		
		B5.2	MTB5.2.3	Realiza gráficos de sectores con datos obtidos da súa redonda próxima.		
		B5.1	MTB5.1.1	Identifica e clasifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.		
		B5.2	MTB5.2.3	Realiza gráficos de liñas con datos obtidos da súa redonda próxima.		
		B5.2	MTB5.2.1	Identifica datos cuantitativos e cualitativos e exprésaos correctamente en táboas de frecuencias absolutas.		
b e g	Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.	B5.2	MTB5.2.2	Aplica o concepto de media aritmética na resolución de problemas cotiáns.	CMCT CAA CCL CSIEE	CL
		B5.2	MTB5.2.2	Aplica o concepto de moda na resolución de problemas cotiáns.		
		B5.2	MTB5.2.3	Interpreta datos en gráficos de sectores de problemas cotiáns, e resólveos correctamente.		
		B5.3	MTB5.3.1	Identifica correctamente a aleatoriedade do problema e calcula a probabilidade correctamente para a resolución.		
		B5.4	MTB5.4.1	Soluciona actividades realizando algunhas conxecturas válidas e previamente razoadas.		
		B5.4	MTB5.4.1	Estima resultados de problemas sinxelos de cálculo de probabilidade de xogos aleatorios sen necesidade de resolvelos con diagramas de árbore.		
		B5.5	MTB5.5.1	Resolve correctamente problemas cotiáns que implican o uso de estadística e probabilidade.		

		B2.7	MTB2.7.2	Resolve problemas cotiáns que requiren transformar fraccións, decimais e porcentaxes.		
		B5.2	MTB5.2.4	Analiza e interpreta correctamente gráficos estatísticos diferentes aos estudados na clase.		
		B2.7	MTB2.7.5	Resolve correctamente problemas cotiáns que requiren o uso de porcentaxes ou regras de tres, e explica a súa resolución.		
		B5.2	MTB5.2.3	Interpreta datos en gráficos de sectores de problemas cotiáns, e resólveos correctamente.		

LIBRE CONFIGURACIÓN “TALLER DE LINGUAS”

Tendo en conta os resultados obtidos polos alumnos de 3º e 5º de EP no curso académico 2015-2016, o claustro de profesores do CPI Padrenda-Crespos decidiu por unanimidade ofrecer como materia de libre configuración en 4º e 6º de EP un Obradoiro de Linguas (Lingua galega e Lingua castelá). A materia impartirase unha vez á semana alternando as dúas linguas da nosa Comunidade.

Esta decisión fundaméntase nas dificultades atopadas no alumnado na expresión oral.

Desta maneira o obxectivo xeral desta materia é desenvolver destrezas e capacidades básicas da competencia en comunicación lingüística.

O cadro que se presenta a continuación dispón os obxectivos que traballaremos de forma anual, xa que, debido a baixa carga lectiva da materia, van a ser os mesmos en cada trimestre.

Co fin de promover unha educación o máis significativa e interdisciplinar posible aproveitaremos o proxecto transversal “Viaxeiros polo mundo” (mencionado no apartado de actividades extraescolares e complementarias desta programación) para desenvolver os obxectivos desta materia baseados no BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR, da área de Lingua Castelá e Literatura.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	AVALIACIÓN CRITERIOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS
a c e	Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel de persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.	B1. 1.	LCB1. 1.1.	Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos.	CCL CAA CSC
			LCB1. 1.2.	Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.	CCL CAA
			LCB1. 1.3	Escoita as intervencións dos compañeiros e segue as normas para o intercambio comunicativo.	CCL CAA CSC
			LCB1. 1.4	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.	CCL CAA CSC
e	Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	B1. 2.	LCB1. 2.1.	Emprega recursos lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais.	CCL

a b e	Participación en situaciones de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.	B1. 3.	LCB1. 3.1.	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.	CCL
			LCB1. 3.2.	Expresa as súas propias ideas comprensiblemente.	CCL
			LCB1. 3.3.	Participa activamente en debates , diálogos, e exposicións orais.	CCL CAA CSC CSIEE
			LCB1. 3.4.	Participa nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.	
e	Valoración crítica de mensaxes verbais e non verbais.	B1. 4.	LCB1. 4.1.	Amosa unha actitude de escoita atenta	CCL

A avaliación desta materia considerará os criterios seguintes :

- 30% : interese, participación, traballos de investigación.
- 70% : valoración da expresión oral a través de exposicións orais.

3. METODOLOGÍA

TIPO DE ACTIVIDADES

A metodoloxía empregada para levar a cabo esta programación seguirá entre outros os seguintes principios ser: flexible, activa, participativa, integradora, socializadora, lúdica, creativa.

Os estilos de ensinanza empregados van dende os máis directivos (como poden ser un mando directo ou asignación de tarefas) ata os menos directivos (como a resolución de problemas, a libre exploración) pasando por estilos que fomentan a participación, xa que serán seleccionados en cada momento en función dos intereses educativos de cada situación. Á hora de propoñer actividades ao longo dunha sesión traballaremos sempre variando a organización do grupo de forma organizada e eficaz porque entendemos que das relacións que se establecen cos compañeiros pódense extraer coñecementos moi proveitosos, deste xeito fomentárase:

- O traballo individual
- O traballo por parellas
- O traballo en grupos reducidos o subgrupos (serán grupos mixtos e que deberán ser variables dunhas sesións a outras para que todos e todas poidan aproveitar o positivo de cada unha das persoas que compoñen o gran grupo e así valoren ao mesmo tempo a importancia de ser diferentes porque podemos aprender todos de todas).
- O traballo en gran grupo no que todos/as colaboren e axuden no desenvolvemento da clase.

Nesta etapa, a perspectiva interdisciplinar perfílase como a máis axeitada, xa que supón o establecemento de múltiples relacións entre todo o que rodea aos alumnos, o que supón a coordinación dos mestres titores e especialistas que imparten no ciclo.

Tense en conta que as aprendizaxes que realicen os alumnos serán significativas e funcionais, e que serán os propios alumnos os que deben ter un papel activo neste proceso mediante a acción e a experimentación.

As actividades que se formulen irán sempre secuenciadas de menor a maior complexidade, serán motivadoras, e sempre que sexa posible terán carácter manipulativo. Tamén se ten en conta o xogo, xa que a mellor forma de adquirir os contidos é dunha forma lúdica. Deste modo os alumnos van aprender en interacción cos obxectos, co resto de compañeiros e tamén cos adultos.

dentro e fóra da aula, destinados a varios alumnos do curso, e contemplados na programación do D.O do centro.

Sempre que sexa necesario, e como medida de reforzo e afianzamento de contidos traballados, trataremos de empregar material adaptado á diversidade da aula (fichas de reforzo e ampliación, materiais para a realización de medicións e experiencias científicas, aplicación interactivas, material funxible...).

4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- 📖 Libros de texto e cadernos
 - Matemáticas 6º Primaria (Anaya)
 - Cadernos "Ya cuento y calculo" nº14,15,16 (Ediciones Aljibe)
 - Ciencias Sociais 6º Primaria (Celme-SM)
 - Ciencias Naturais 6º Primaria (Celme-SM)
 - Caderno de Ortografía Divertida nº18 (GEU Editorial)
- 📖 Revistas, periódicos, narrativa, libros de consulta da Biblioteca escolar do Centro
- 📖 Páxinas web
- 📖 Material elaborado polo profesor
- 📖 Proxecto Artello Ortografía 2

5. CRITERIOS SOBRE LA AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

➤ **Instrumentos de avaliación**

A avaliación é elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto o momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e por outra, en que grado de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

- Observación directa
- Rexistros diarios e descritivos
- Mapas e conceptos
- Probas escritas: controis, identificación, definición
- Probas orais: controis, resposta das preguntas diarias, exposición
- Revisión de cadernos, libros, materiais e exercicios realizados na aula ou na casa; co fin de observar tanto a calidade como a presentación e coidado na realización dos mesmos.
- Entrevistas cos alumnos
- Comportamento, convivencia e respecto cara os demais compañeiros do mesmo curso, distinto curso e cara aos mestres ou profesionais non docente
- Cuestionarios
- Asembleas periódicas de revisión crítica e análise da marcha do proceso de aprendizaxe: titorías.

➤ **Modalidades de avaliación**

- Avaliación inicial, que se realizará ao inicio do curso de maneira que saibamos con certeza as capacidades e actitudes que posúe o alumnado, a valoración dos coñecementos previos, co gallo de adecuar o proceso á realidade das súas posibilidades. Para tal cometido empregaremos a observación directa, o diálogo, a asemblea e a realización de probas escritas.
- Avaliación formativa continua, que, seguindo a metodoloxía anteriormente exposta, será a máis importante para este ciclo. Con ela pretendemos coñecer como se van acadando os obxectivos, capacidades e competencias, de maneira que se poidan realizar os axustes necesarios en todo o momento para lograr un ensino-aprendizaxe máis efectivo. Empregaremos para este tipo de avaliación a observación diaria en todo tipo de actividades, revisión de tarefas escritas (resumos, traballos, cadernos, resolución de exercicios e problemas) e realización de probas orais ou escritas ao remate de cada tema.
- Avaliación sumativa, coa que podemos estimar ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo o dominio das capacidades adquiridas. Polo tanto, avaliaremos o resultado mediante probas obxectivas preferentemente escritas.

➤ **Principios de avaliación a seguir**

- Constituirá un medio, non un fin en si mesma.
- Constituirá un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Atenderase ás diferenzas individuais e a todas as necesidades.
- Traballarase conxuntamente entre os mestres que forman o ciclo para deseñar todo o proceso.
- Os criterios e as probas serán flexibles.
- Tratarase aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Posibilitarase a corrección dos procesos unha vez detectadas as deficiencias.

➤ **Criterios de cualificación**

Tendo en conta os instrumentos expostos anteriormente, os criterios que seguiremos á

hora de avaliar son os seguintes:

- **Probas de avaliación orais ou escritas**, que permitan cuantificar obxectivamente a consecución dos obxectivos marcados. Os controis escritos e orais e o traballo de clase e segundo a lexislación vixente valoraremos tendo en conta os seguintes ítems: de 1 a 4- insuficiente, 5- suficiente, 6- ben, de 7 a 8- notable e de 9 a 10- sobresaliente. **80%**
- O **traballo diario**, tanto na aula como fóra dela. A realización de actividades individuais ou grupais escritas e orais. A **ortografía e a limpeza** dos traballos tanto nas materias específicas como Lingua galega e Lingua castelá sino tamén nas outras materias onde a redacción e a corrección lingüística teñen suma importancia neste ciclo. **10%**
- O respecto ás normas de convivencia en todos os espazos educativos (aulas, biblioteca, patio, comedor, ximnasio, transporte, saídas educativas). **10%**

Esta información comunicaráselles, tanto aos alumnos coma aos pais, ao comezo do curso e recordaráselles sempre e cando se vexa necesario ao longo do mesmo.

➤ **Criterios de promoción**

Tal e como se recolle nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro:

1. Promociona de curso o alumno con avaliación positiva en todas as áreas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo.
2. No caso dos alumnos con dúas materias non superadas, unha das instrumentais e unha das restantes, ou dúas que non sexan nin unha lingua (castelá ou galega) nin matemáticas, promocionarán se a xunta de avaliación considera que o seu grao de madurez e o desenvolvemento das súas competencias lle vai permitir continuar o seu proceso de aprendizaxe no seguinte curso.
3. Non promocionará de curso os alumnos que sexan avaliados negativamente en dúas das áreas instrumentais (lingua galega, lingua castelá e matemáticas).

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Como método de avaliación continua da nosa práctica docente estableceremos nesta programación unha serie de indicadores de logro que nos permitan autoavaliar o noso proceso de ensino-aprendizaxe ao longo do curso. Serán os seguintes:

- **Materiais empregados:** son adecuados, accesibles para os alumnos, diversos, motivadores, suficientes, adaptados á diversidade do alumnado, etc.
- **Planificación do curso:** está a ser adecuada, estase a cumprir a secuenciación dos estándares, o nivel de dificultade é adecuado, o proceso de aprendizaxe está a ser significativo, etc.
- **Motivación do alumnado:** amosanse interesados, participan na aula activamente, resultalles atractiva a metodoloxía didáctica, traballan concentrados na aula, hai problemas de conducta, etc.
- **Transversalidade e uso das TIC:** estanse adaptando ben ao traballo en formato dixital, relacionan os contidos con outras materias, aplican o aprendido en valores e actitudes, etc.

Non só se debe avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, senón tamén o proceso de ensinanza. Neste senso, aos datos aportados pola avaliación continua do alumnado será preciso engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades deseñadas, idades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación do alumnado, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor.

A avaliación da intervención educativa será continua, polo que convén tomar datos ao longo de todo o proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno.

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, ao finalizar o presente curso os profesores de terceiro reuniremonos para avaliar por escrito os resultados

acadados durante o mesmo. O obxectivo de tal reunión será o establecemento de conclusións finais e posibles modificacións na programación de cara ao vindeiro curso, posto que esta é flexible e pódese adecuar ás características tanto do alumnado para acadar unha mellora. Para tal efecto propóñense os seguintes indicadores de avaliación:

- ✓ Desenvolvemento na clase da programación.
- ✓ Relación entre obxectivos e contidos.
- ✓ Adecuación de obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- ✓ Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais.

Para o procedemento de avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente terase en conta:

- ✓ Organización e coordinación do equipo.
- ✓ Planificación das tarefas. Dotación e distribución de tempo e recursos, e selección do modo de elaboración.
- ✓ Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Relación e implicación dos pais/nais. Relación entre os alumnos/as, e entre os alumnos/as e os profesores.

7. AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase ao inicio do curso de maneira que saibamos con certeza as capacidades e actitudes que posúe o alumnado, a valoración dos coñecementos previos, co gallo de adecuar o proceso á realidade das súas posibilidades. Para tal cometido empregaremos a observación directa, o diálogo, a asemblea e a realización de probas escrita

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

Así, neste curso como medida xeral, adoptaremos as seguintes medidas de atención á diversidade:

- ✓ 1ª Adoptar *organizacións flexibles* dentro da aula, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- ✓ 2ª. Realizar *reforzos educativos* encamiñados a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (en principio, non significativas).
- ✓ 3ª Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e *acción tutorial* que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Ademais contamos con apoios dentro e fóra da aula, destinados a varios alumnos do curso, e contemplados na programación do D.O do centro.

Sempre que sexa necesario, e como medida de reforzo e afianzamento de contidos traballados, trataremos de empregar material adaptado á diversidade da aula (fichas de reforzo e ampliación, materiais para a realización de medicións e experiencias científicas, aplicación interactivas, material funxible...).

9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaremos o desenvolvemento dos valores que fomenten:

- ✓ A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- ✓ A non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- ✓ A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos de todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- ✓ Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- ✓ O desenvolvemento sustentable e o ambiente.
- ✓ O desenvolvemento do espírito emprendedor, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- ✓ A seguridade viaria e a prevención dos accidentes de tráfico co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicleta, e respecte as normas e os sinais e que favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

FOMENTO Á LECTURA

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do lido abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

A lectura estará presente en todas as áreas. Traballarase diariamente na aula, concedéndolle gran importancia á comprensión lectora, a lectura individual e en voz alta.

Igual que o ano pasado, unha sesión semanal dunha hora dedicárase á lectura na aula.

Realizaremos frecuentes visitas á biblioteca do centro, e seguiremos co proxecto da biblioteca de aula, que conta cun servizo de préstamo así como do carro de préstamo da biblioteca do centro. Ademais, seguiremos participando en todos os proxectos de fomento da lectura que se poñan en marcha dentro ou fóra do centro.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura
- Mellorar a pronuncia, entoación, velocidade e o ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nodo e desenlace) así como a súa idea principal.
- Identificar aos personaxes protagonistas e secundarios.
- Iniciar ao alumnado no uso do dicionario.
- Potenciar o uso da biblioteca do centro e usala para a busca de información e aprendizaxe e como fonte de pracer.

Prestaremos especial atención á elección dos textos cos que se vai traballar. Trataremos que os textos escollidos sexan motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen. Os criterios a ter en conta para escoller os textos son:

- Grao de maduración do proceso lector:
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos e de diferentes xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra axeitada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

EDUCACIÓN DIXITAL

As tecnoloxías da información e a comunicación han de constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información.

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Os alumnos de 5º usarán os ordenadores do **Proxecto Abalar** de forma regular e en todas as áreas do currículo. Trataremos de acadar pouco a pouco os seguintes contidos elementais que se deben desenvolver ao longo de todo o ciclo e en todas as áreas:

- Utilización do teclado.
- Acender e apagar o ordenador.
- Emprego das unidades de almacenamento.
- Identificar os elementos do escritorio.
- Utilización das iconas e dos accesos directos.
- Abrir programas.
- Abrir e pechar ventás.
- Apertura e creación de carpetas.
- Almacenamento de documentos en carpetas.
- Gardar arquivos.
- Xestionar a papeleira de reciclaxe.
- Navegar por Internet.
- Acceso á rede local.
- Introducir unha dirección URL para acceder a unha páxina concreta.
- Consulta de enciclopedias virtuais.
- Emprego de buscadores.
- Emprego básico dos procesadores de textos (Libre Office)
- Iniciación á creación de presentación de diapositivas co programa Impress.

10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Organizaremos, cando menos, unha saída por trimestre, aínda que están pendentes de confirmación xa que inda están a chegar ao centro propostas de distinta índole.

Ademais destas saídas, o alumnado do curso participará naquelas actividades que se organicen a nivel de Centro tales como o Magosto, o Día da Paz, o Entroido, o Día do Libro.

PROXECTO TRANSVERSAL “Viaxeiros polo mundo”

O presente curso escolar os mestres do CPI Padrenda-Crespos decidimos realizar un proxecto pedagóxico transversal común para todos os alumnos de Educación Infantil e Primaria, debido ao grande éxito do proxecto do ano anterior. Así damos continuidade ao proxecto anterior “Os meus veciños europeos”, xa que ampliamos a perspectiva a todo o mundo.

Ademais as Nacións Unidas proclamou o ano 2017 como “Ano internacional do turismo sostible para o desenvolvemento”. A designación deste ano internacional intenta promover unha mellor comprensión entre os pobos en todas partes, conducir a que se tome unha maior conciencia da riqueza do patrimonio das diversas civilizacións e levar a unha mellor apreciación dos valores inherentes das diversas culturas, contribuíndo así ao fortalecemento da paz no mundo.

Este proxecto é unha resposta pedagóxica que permite a integración curricular, a participación da comunidade educativa e do estudante no desenvolvemento das competencias que integran cada materia. O proxecto partirá dos intereses do alumnado, por iso, cada grupo decidirá no

comezo de curso o país co que traballará. O obxectivo final será a exposición trimestral das investigacións feitas por cada clase.

Debido á diferenza de idade dos alumnos (dende os 3 até os 11 anos) decidimos que a elección das actividades a traballar sexa libre, coa intención de que sexa un proxecto flexible que se adapte constantemente aos centros de interese do alumnado. De maneira esquemática, os contidos a traballar e a temporalización será a seguinte:

1º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	XEOGRAFÍA, BANDEIRA	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	IDIOMA, MOEDA	
	RELIXIÓN	
	MONUMENTOS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	MAGOSTO	Cada grupo preparará xogos populares do seu país
	FESTA DO NADAL	Panxoliñas e ritos típicos
2º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	HISTORIA, PERSONAXES DESTACADOS	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	ARTE	
	MÚSICA E CINE	
	DEPORTES	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	ENTROIDO	Disfrace e baile da zona xeográfica
	DÍA DA PAZ	Personaxes destacados de cada unha das zonas e a súa relevancia para a paz.
3º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	FLORA FAUNA	EXPOSICIÓN MAIO
	ESPAZOS NATURAIS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DÍA DO LIBRO	Exposición nos taboleiros da biblioteca recomendando libros de autores de cada país.
	GYMKANA	Buscando pistas sobre os países elixidos
	GASTRONOMÍA	Degustación de produtos e pratos típicos de cada país traballado (colaboración co comedor)

11. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			

Descriptorios desempeños competenciais			
Realización das tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

